

ALEGACIÓNS BASES REGULADORAS PROGRAMA LEADER 2014 – 2020 AGDR 18 MAIV – BAIXO MIÑO

1)Ámbito territorial: O novo mapa territorial 2014 – 2020 (nas 3 opcións posibles) establece como ámbito de actuación os mesmos concellos que no programa anterior para o territorio Maiv – Baixo Miño, a excepción do Concello de Soutomaior, que quedaría excluído e se incorporaría ao GDR de Pontevedra – Morrazo.

Tras as conversas mantidas co alcalde deste municipio, D. Agustín Reguera Ocampo e a seu desexo de seguir formando parte do GDR 18 Maiv – Baixo Miño actual (no programa novo GDR13), **SOLICITAMOS** A Agader que se manteña dentro do noso territorio a pesar das seguintes circunstancias :

Somos coñecedores de que os GDR non poderán ter máis de 150.000 habitantes. Neste caso, o GDR tería 142.832 habitantes excluído ao Concello de Soutomaior que conta cunha poboación rexistrada en 2014 de 7.356 habitantes. Se incorporamos este Concello ao noso territorio teríamos unha poboación total de 150.188 habitantes. Por este motivo, solicitamos a Agader que acepte este ámbito territorial que supera en 188 habitantes o límite máximo de poboación como excepción, posto que o Concello sempre estivo integrado no noso ámbito territorial e os seus responsables desexan que así o sega sendo.

2) Grupos de Desenvolvemento Rural: no apartado III que ten este título, nas Condicións de admisibilidade aplicables aos GDR , no apartado b), en relación á composición dos GDR e determinación dos interlocutores, **SOLICITAMOS** a Agader que se incorpore ao parágrafo a seguinte aclaración “Non perderá a condición de ser potencial axente do territorio a entidade que tendo ámbito de actuación superior ao municipal, ten a súa sede inscrita nun concello excluído do territorio elixible, (póñase por caso Vigo), sempre e cando acredite ter actividade en algún outro territorio si elixible dese GDR.

3) En relación á obrigatoriedade de estar representados nas Xuntas Directivas ou órganos de decisorios ou similares determinados axentes e colectivos, sempre e cando sexan socios do GDR, **SOLICITAMOS** a Agader que se inclúan as Asociacións de Acción Social (discapacidade, interculturalidade, poboación xitana, inmigrantes...).

4) Na páxina 19 das prebases, no parágrafo 4 é utilizado o termo de “minusválidos”. **SOLICITAMOS** a Agader que se modifique este termo pola nomenclatura legal, tal como persoas con discapacidade.

5) Grupo de Acción Costeira:En relación cos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro e o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, tras as experiencias vividas durante o Programa actual entre o noso GDR e o GALP que está presente en parte do noso territorio, afirmamos que a cooperación ten sido frutífera, e que cada un dos grupos ten establecidos os seus ámbitos de actuación perfectamente. A pesar destas circunstancias, nos temos atopado con numerosos problemas en relación con actividades a desenvolver no Río Miño, que é o eixo vertebrador de parte do noso territorio (Baixo Miño), sobre todo nos Concellos de Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda, onde determinadas actuacións e actividades relacionadas coa pesca fluvial, non puideron ser subvencionadas polo GDR ao ser consideradas actuacións de pesca, e tampouco a través dos GAC posto que o Concello de Tomiño por exemplo, non está dentro do ámbito de actuación do GAC do noso territorio. Falamos concretamente de actuacións relacionadas coa lamprea, a angula e o sargo entre outras. Os proxectos que xurdiron durante este programa estaban relacionados coa trazabilidade da pesca da lamprea, a transformación e conserva da angula e da lamprea e o cociñado e conserva do sargo. Todos eles son peixes de río, pero ao ser os promotores do Concello de Tomiño, non puideron ser subvencionados polo GDR. **SOLICITAMOS** a Agader, que se teñan en conta estas circunstancias, e que nos territorios nos que coincida a presenza dun GDR e un GAC, se estableza unha diferenciación entre zona costeira e zonas de desembocadura dos Ríos e que nestes últimos se permita a subvencionalidade de proxectos relacionados coa pesca fluvial (tendo en conta que os peixes están dentro do Anexo I do Tratado).

6)Proxectos non produtivos de carácter social dirixidos a persoas en risco de exclusión social: Dende a experiencia adquirida neste anos, somos coñecedores de que moitos dos proxectos non produtivos de prioridade alta son dunha grande envergadura, e que optaron a unha porcentaxe de axuda de ata o 100%, aínda que na realidade dita porcentaxe non é alcanzada, posto que existe unha limitación en canto ao importe máximo de axuda (250.000,00€ no programa actual). Pero a realidade de moitos outros proxectos a pequena escala é que se solicitan ou favorece a determinados colectivos para os que supón un grande esforzo poder solicitar as nosas axudas e dar resposta ás necesidades dos territorios. Por este motivo, SOLICITAMOS a Agader que se estableza un sistema de diferenciación entre proxectos non produtivos de carácter social dirixidos a persoas en risco de exclusión social, de gran envergadura (que o seu presuposto total subvencionable supere os 50.000 €) e por outra banda proxectos non produtivos a pequena escala, estes últimos proxectos cun orzamento total subvencionable de ata 50.000,00€
No primeiro dos casos, se mantería a porcentaxe de axuda máxima do 90%, e no segundo dos casos podería ser subvencionado ata o 100% do investimento.

7)Proxectos non produtivos: O proxectos non produtivos son aqueles promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, comunidade de monte veciñais e as súas mancomunidades, que non supoñan o inicio ou desenvolvemento dunha actividades económica. No suposto de que o proxecto constituía unha actividade económica, se considerará non produtivo cando os ingresos que xeren procedan de taxas no caso dos proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto dos casos, os proxectos terán o carácter de non produtivos cando o beneficio neto non chegue a superar o valor de capitalización do investimento ao interese legal do diñeiro. En todo caso esixírase que os proxectos non produtivos teñan un interese público colectivo, e dicir, deberán ser proxectos que afecten, interesen ou beneficien, dalgún xeito, ao conxunto da poboación en xeral. Atendendo a esta definición dende o noso GDR **SOLICITAMOS** a Agader que as empresas constituídas dentro das entidades sen ánimo de lucro, co 100% do seu capital en mans das entidades sen ánimo de lucro poidan acollerse, si así o demandan, as mesmas consideracións que as entidades sen ánimo de lucro, e polo tanto, que os proxectos desenvolvidos por estas empresas teñan a consideración de proxectos non produtivos, posto que os beneficios que xeran estas actividades reverten no propio colectivo polo que non se pode considerar beneficio económico.

8) Gastos subvencionables polo Programa Leader, SOLICITAMOS a Agader que se consideren como gastos subvencionables, todos aqueles que no desenvolvemento dos proxectos sexan destinados á mellora da accesibilidade universal en calquera espazo, soporte, servizo ou transporte e todos aqueles gastos destinados á eliminación de barreiras e os seus recursos de apoio que precisen as persoas con discapacidade, co fin de acadar un rural máis accesible.

9)Características dos postos de traballo que poida contratar o GDR: En relación ás contías salariais do equipo técnico do GDR, no modelo de convenio das prebases se establecen como máximos imputables ao Programa Leader para o posto de Xerente 28.000,00€ brutos anuais, para o posto de técnico 22.000,00€ bruto anuais e para o posto de administrativo 16.000,00€ brutos anuais. Tendo en conta que cada un dos GDR ten unha circunstancias propias, e que consideramos son as Xuntas Directivas como responsables dos Programas de Desenvolvemento Rural nos territorios, as que deben decidir como compensar salarialmente aos seus traballadores en base aos traballos realizados, **SOLICITAMOS** a Agader que se teña en conta a nosa proposta, mantendo os máximos salariais existentes no programa actual (36.000,00€ bruto anual para o xerente, 28.000,00€ bruto para o técnico e 18.000,00€ bruto para o administrativo), pero revisables cada ano por incentivos, en función da consecución dos obxectivos trazados na estratexia a efectos orzamentarios. Desta forma, se pode premiar ao equipo que cumpra cos obxectivos, pero ao ser revisable, se cada ano se plantexa unha revisión se poderán descender os importes a percibir se non se acadan os obxectivos establecidos cada ano. Deste xeitos, tamén nos aseguramos de ter un equipo técnico competente, formado e implicado co territorio e conseguiremos que os obxectivos se cumpran nos prazos establecidos.

SECTOR AGROGANDEIRO (CRITERIOS SUBVENCIONABILIDADE PROXECTOS)

Alegacións ás bases reguladoras no tocante aos criterios de subvencionabilidade dos proxectos do sector agrogandeiro:

- 1) Por unha banda, **SOLICITAMOS** a Agader que se admitan proxectos produtivos consistentes na creación de novas explotacións agropecuarias, sempre e cando se garanta a rendibilidade e sustentabilidade das mesmas e coas seguintes consideracións:

O Programa Leader poderá subvencionar proxectos de creación sempre e cando non exista outra axuda da Consellería de Medio Rural para tal fin (este é o caso de aqueles colectivos que non podan acceder á axuda de Incorporación de Mozos/as ao rural por ter superada a idade). Tamén consideramos a posibilidade de que naquelas anualidades nas que as axudas de incorporación de Mozos/as ao rural non conten con dotación orzamentaria, poda o Programa Leader subvencionar explotacións de mozos/as nesa ano.

A este respecto tamén se poderán subvencionar proxectos de mellora das explotacións agropecuarias existentes, sempre e cando non conten as axudas da Consellería para os Plans de Mellora con dotación orzamentaria nesa anualidade. Se poderá solicitar neste caso a axuda ao Programa Leader.

Os proxectos de creación de explotacións que cumpran os requisitos anteriores, serán subvencionados independentemente de que na mesma comarca exista outro proxecto coa mesma orientación produtiva. Considérase que un dos obxectivos de calquera programa de desenvolvemento rural debe ser a fixación de poboación no medio rural e iso ten que ir necesariamente parello á creación de novas empresas e explotacións agrícolas, gandeiras e forestais. Nunha comarca como a nosa, na que a porcentaxe de poboación que se dedica ao sector primario é tan baixa e onde a crise de sectores como o metal ou a construción está a provocar uns niveis de desemprego elevadísimos, non podemos pechar a porta a que novos promotores se queiran instalar no rural. Facendo fincapé especialmente nas persoas de máis de 40 anos, un colectivo especialmente vulnerable que non poden acceder ás axudas de incorporación de mozos e mozas ao rural e que, cos criterios propostos, quedan automaticamente excluídos da convocatoria LEADER.

- 2) Asemade, se **SOLICITA** que os criterios de elixibilidade nos proxectos de modernización e ampliación de explotacións permanezan cos mesmos criterios do Programa LEADER 2007-2013, posto que son mais operativo e accesible para as distintas tipoloxías de explotacións ou empresas agropecuarias coas que contamos no noso territorio.

E PARA TODOS OS PROXECTOS DE NATUREZA PRODUTIVA se solicita a AGADER:

- Non limitar ás pequenas empresas a condición de beneficiarios de proxectos produtivos LEADER segundo a definición do anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014. Ou sexa, que todas as PEMES (pequenas e medianas empresas) sexan posibles beneficiarias de proxectos de natureza produtiva.
- Incluír como investimentos subvencionables para as PEMES o apoio aos gastos de implantacións de certificacións medio ambientais, procesos, calidade, etc.

LÍMITE AXUDA ELABORACIÓN ESTRATEXIA GDR

Se solicita un límite superior aos 15.000 euros como axuda ao GDR para a elaboración da estratexia (19.1: Apoio á preparación de estratexias de desenvolvemento rural -páxinas 21 e 22 do borrador das bases facilitado por Agader-). Neste senso, en outras Comunidades Autónomas o límite é superior aos 15.000 euros ou non existe límite. Dende o noso GDR **SOLICITAMOS** a Agader unha axuda de alomenos 30.000 euros para a elaboración da estratexia.

COOPERACIÓN entre GAL,s

Dende a Rede Rural Nacional dependente do MAGRAMA non haberá convocatoria de proxectos de Cooperación a nivel nacional, posto que as Comunidades Autónomas así o decidiron.

Se **SOLICITA** a Agader a comunicación das condicións e data prevista da convocatoria rexional de proxectos de Cooperación entre GAL's (VIII: Cooperación -páxinas 34 do borrador das bases facilitado por Agader-), información en relación ás posibilidades de cooperar nos diferentes ámbitos territoriais (rexional, nacional e comunitario).

CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

No bloque B: Criterios referidos aos territorios obxecto de actuacións polo GDR e a súa poboación: (50 puntos) **SOLICITAMOS** a AGADER que se teñan en conta as seguintes consideracións:

- **Punto 4:** Peso do número de explotacións agrarias no territorio do GDR, en relación co número total de explotacións de Galicia (a maior peso, maior puntuación). Dende o noso GDR consideramos que este non é un indicador válido para medir o índice de ruralidade e que se se establece por cuestión de favorecer aos territorios mais desfavorecidos (interior de Galicia) non se está a cumprir. O que se consegue con este indicador é castigar a aquelas provincias que teñen unha menor dimensión, ou aquelas onde a titularidade da terra se basea no minifundismo e onde tampouco se conta cunha concentración parcelaria que permita o desenvolvemento sostible das explotacións. Por tal motivo, e considerando que a Provincia de Pontevedra estaría totalmente desfavorecida neste criterio, **SOLICITAMOS** a Agader que se elimine este criterio ou que se tome como criterio o "peso do emprego agrario no GDR en comparación co peso do emprego agrario en Galicia". (A maior peso do emprego agrario, maior puntuación).
- **Punto 7:** Porcentaxe da superficie do territorio do GDR referida a concellos costeiros (a maior porcentaxe de superficie, menor puntuación). Tendo en conta que coexisten nos territorios os GAL e os GALP, é necesario establecer un criterio que compense a existencia destes outros fondos no mesmo territorio. A pesares diso, consideramos que o criterio de medición seleccionado non é o máis xusto, posto que se pode dar o caso da existencia de Concellos costeiros, onde a influencia ou importancia da costa non este xustificada, ou onde non se acceda aos fondos doGALP pola inexistencia de actividades relacionadas con sector marítimo e pesqueiro (véxase o caso do Concello de O Rosal). Por tal motivo, **SOLICITAMOS** a Agader que se teña en conta a nosa consideración, e se propón que este indicador se modifique por "Kilómetros de costa do territorio do GDR referida a concellos costeiros, eliminando aqueles kilómetros de costa das áreas non elixibles dentro dos propios concellos" (véxase como exemplo o Concello de A Guarda).

- **Punto 8: Poboación rural total do GAL en relación á poboación rural total de Galicia** (a maior poboación, maior puntuación).SOLICITAMOS a Agader que incorporárase este criterio, xa que se contempla no plan financeiro do gasto público previsto (apartado 10 do punto 1 de Condicións de admisibilidade das estratexias de desenvolvemento rural), e tamén ten senso atendendo a un criterio de reparto de igualdade de oportunidades, posto que canto maior é a poboación obxecto a desenvolver, maior é a necesidade do programa para chegar a todos por igual.